



Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN GRUPO B outubro – decembro 2015

7 de outubro: entregamos...




El palacio azul de los ingenieros belgas, de F. Argüelles

Nalo, un raparigo de orixe humilde, é contratado como aprendiz de xardiñeiro na residencia dunha acomodada familia belga na zona mineira asturiana. Estamos na primeira metade do século XX e ás portas dun importante movemento político e social.

Comentario: 21 de outubro

21 de outubro: entregamos...



La muerte de Iván Ilich, de Lev Tolstói

Lev Tolstói fai honra á súa fama abordando un conflito tan complexo como inevitable: é a vida que levamos digna de ser vivida?; valorámola como se merece?; a vida consciente é "como debería ser"? Todas esas preguntas, lóxicas cando nos achegamos ao noso remate, fórmulanse nesta novela breve.

(www.solodelibros.es)

Comentario: 4 de novembro

4 de novembro: entregamos...



Morgana en Esmelle, de Begoña Caamaño

Unha ollada diferente sobre o mundo artúrico e a Terra de Miranda. A chegada de Morgana racha a aparente serenidade coa que Merlín vive na fraga de Esmelle. Na novela de Begoña Caamaño, a medio irmá e amante de Artur entra na casa de Miranda en procura de respostas á súa infelicidade.

Comentario: 18 de novembro

18 de novembro: entregamos...



El loro de Flaubert, de Julian Barnes

O doutor Braithwaite, apaixonado da figura e a obra de Flaubert, realiza un percorrido polos lugares por onde transcorreu a vida do escritor. Esta novela non trata só do papagaio que aparecía en "Un coeur simple", senón tamén de Francia e de Inglaterra; da vida e da arte; do sexo e da morte; de George Sand e de Louise Colet; dos estudiosos da obra de Flaubert e das virtudes do lector «afeccionado».

Comentario: 2 de decembro

2 de decembro: entregamos...




La fórmula preferida del profesor, de Yoko Ogawa

Unha nai solteira entra a traballar como asistente na casa dun huraño profesor de matemáticas con problemas de memoria. Apaixonado polos números, o profesor irase encariñando coa asistente e o seu fillo de 10 anos, ata que se fragua entre eles unha verdadeira historia de amor, amizade e transmisión do saber, non só matemático.

Comentario: 16 de decembro

16 de decembro: entregamos...



Canadá, de Richard Ford

Dell Parsons ten quince anos cando os seus pais entran no cárcere. Un amigo da familia axudaralle a cruzar a fronteira canadense coa esperanza de que alí poida reiniciar a súa vida. En Canadá farase cargo del Arthur Remlinger, un americano enigmático cuxa frialdade oculta un carácter sombrío e violento.

Comentario: 13 de xaneiro